

## Importante ler o documento enteiro:

Ola rapaces e rapazas!! Os meus numerosos.

Esta semana, do 25 ao 29 de maio, levades as tarefas separadas por áreas. Lede ben os consellos ou a teoría que está antes dos exercicios. Mandádeme Whatsapp ou chamádeme para calquera dúbida, contestareivos ou chamareivos en canto poida ou vexa as vosas mensaxes.

O Blog de aula: <http://osnumerosos.blogspot.com/> ten cousiñas voluntarias para completar as fichas que van nos arquivos e debedes mandarme feitas. Tentarei tela ó día. Mandareivos ó grupo de whatsapp algún vídeo explicando cousiñas de matemáticas

### Contido dos arquivos:

- **Lingua Castelá**
  - Ficha lectura "El castillo de Niedeck". Ler un par de veces e contestar as preguntas. Coidade a presentación.
  - Unha ficha de uso da h
  - Ficha de prefixos e sufixos
  - Ficha do artigo
  - Ficha para escribir noticias deportivas
- **Lingua Galega**
  - Lectura: Comprender un texto descritivo
  - Ficha do artigo, demostrativo e posesivo
  - Ficha de numerais e indefinidos
  - Ficha de palabras palabras con -es e -ex
- **Matemáticas:**
  - Ficha de fraccións
  - Ficha de suma, resta e multiplicación de decimais
  - 3 fichas de operacións variadas
  - Ficha de problemas
  - 3 Fichas de operacións combinadas e divisións

- Ciencias Sociais
  - Fichas de hidrosfera e ciclo da auga.
  - Ficha de As augas da terra.
  - Ficha dos ríos de España.

- Ciencias Naturais
  - Fichas de Réptiles, anfibios e peixes.
  - Fichas de aves.

**\*Importante: TEDES QUE ENVIAR UN CONSELLO PARA REDUCIR O CONSUMO DE PLÁSTICO ACOMPAÑADO DUN DEBUXO. Ten que ser un folio completo. É moi importante. Non mo enviáchedes todos!!**

- Plástica:
  - Ficha para diferenciar entre cores cálidos e fríos
  - Pequena información de Mondrian e ficha para colorear seguindo a Mondrian pero coma vós queirades.
  - Ficha que implica pintar, cortar e pegar para facer unha tartaruga.

Outras cousas:

Lembrede ir as direccións dos especialistas e facer as súas tarefas:

- Actividades de Inglés xa que hai un arquivo de actividades para 4º (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1035>)
- Actividades de Música no enlace: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/taxonomy/term/18>
- Actividades de Educación Física: <https://xogandonaescolablog.wordpress.com/recursos-da-area/recomendacions-para-a-semana-do-16-ao-20-de-marzo-de-2020/>
- Actividades propostas por M<sup>a</sup> Jesús. Lembrede que sempre propón algo interesante que pode valer para calquera. Non deixedes de mirar as súas propostas.

Tedes unha selección de contos. Deberíades facer algún resumo de algún deles, podedes tamén cambiarlle o final...

Hai un xogo de da caixa rexistradora que é útil para coller confianza co traballo dos cartos

Hai xogos para repasar a división por unha cifra que aínda que é para 3º sérvenos para refrescar e coller confianza.

Tamén no apartado 4 da aplicación LEA podedes traballar a velocidade lectora ademais de poder probar a traballar outras cousas moi interesantes

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1036>

- **Actividades de Relixión:**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonvalenzuela/node/1039>

Xa sei que tedes poucas gañas de traballar pero debedes de facelo e enviarme os traballos aínda a risco de facelo mal. É moi importante non perder a base para o vindeiro ano. Non deixedes de estudar.

**MANDADE OS TRABALLOS PODEN SUBIR AS VOSAS NOTAS!!**

**Unha aperta e moito ánimo meus numerosos!!**